

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

AXENDA INSTITUCIONAL DE ALTOS CARGOS DA XUNTA DE GALICIA PARA HOXE, MARTES, 14 DE XULLO DE 2026**PRESIDENCIA****A CORUÑA**

13,00 h.- O titular do Goberno galego, Alfonso Rueda, participará, xunto ao presidente executivo da Corporación Hijos de Rivera, Ignacio Rivera, na sinatura pública do acordo de colaboración da Corporación co Xacobeo 2027.

LUGO

19,00 h.- O presidente da Xunta de Galicia, Alfonso Rueda, acompañado da conselleira do Medio Rural, María José Gómez, participará no acto de entrega dos Premios da XXXVIII Cata de Viños de Galicia, XXVIII Cata das Augardentes e XV Cata dos Licores Tradicionais- 2026.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DA CORUÑA**ROIS (A Coruña)**

12,00 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá ao espectáculo *Ser diferente mola*, do ilusionista galego Jorge Lorenzo García, incluído dentro da programación *Cultura no Camiño*.

12,45 h.- A delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá ao espectáculo *Comisión de festas*, do artista musical galego Brais das Hortas, incluído dentro da programación *Cultura no Camiño*.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE FERROL**FERROL**

10,00 h.- A delegada territorial de Ferrol, Martina Aneiros, visitará as actuacións de mellora realizadas no Centro de Formación Ocupacional de Ferrol.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE LUGO

BARREIROS (Lugo)

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, realizará unha visita institucional ao Concello de Barreiros.

FOZ (Lugo)

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Lugo, Alfonso Villares, participará na presentación da XIII edición do Festival Bal y Gay.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE OURENSE

BANDE (Ourense)

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta de Galicia en Ourense, Manuel Pardo, supervisará unha actuación enmarcada nas axudas para a mellora das infraestruturas turísticas en municipios de ata 10.000 habitantes.

DELEGACIÓN TERRITORIAL DE PONTEVEDRA

CALDAS DE REIS (Pontevedra)

10,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará o Obradoiro Dual de Emprego *Os Camiños do Camiño V*.

PONTEVEDRA

11,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá ao acto polos tres anos de lexislatura do Goberno da Deputación de Pontevedra.

CATOIRA (Pontevedra)

12,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, asistirá ao acto de presentación da programación da 66º Romaría Vikinga.

VILANOVA DE AROUSA (Pontevedra)

13,00 h.- O delegado territorial da Xunta en Pontevedra, Pablo Fernández, visitará a estación de servizo Mararnelas S.L.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE E CAMBIO CLIMÁTICO

MOS (Pontevedra)

- 10,00 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, acompañada da delegada territorial da Xunta en Vigo, Ana Ortiz, visitará as instalacións da empresa Little Electric Car.
- 11,30 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, percorrerá un tramo da senda fluvial do río Louro.

SAN LÁZARO

- 14,00 h.-** A conselleira de Medio Ambiente e Cambio Climático, **Ángeles Vázquez**, e a conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, reuniranse coa directora do Complexo Industrial de Repsol na Coruña, Natalia Barreiro, e outras representantes da entidade.

CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, CIENCIA, UNIVERSIDADES E FORMACIÓN PROFESIONAL

SAN CAETANO

- 10,00 h.-** A directora xeral de Formación Profesional, Eugenia Pérez, reunirase co director da área de IA do ITG, Óscar González.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

- 09,30 h.-** A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, inaugurará a xornada *New European Bauhaus*.
- 10,30 h.-** A directora da Axencia Galega da Innovación, Carmen Cotelo, asistirá á presentación do proxecto de Celtarys para acelerar o desenvolvemento de novos fármacos apoiado polo programa Ignicia.
- 12,00 h.-** A directora da Axencia Galega de Innovación, Carmen Cotelo, asistirá á xornada *Inside the Lab*, onde se presentarán os resultados anuais do CITIUS, Centro Singular de Investigación en Tecnoloxías Intelixentes.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL E IGUALDADE

SALVATERRA DE MIÑO (Pontevedra)

10,30 h.- A directora xeral de Promoción da igualdade, Eloína Ingerto, visitará o campamento Ludoconcilia da Federación pola Igualdade das Mulleres da Provincia de Pontevedra (Femupo).

ALLARIZ (Ourense)

11,30 h.- O director xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica, Jacobo Rey, coñecerá aos participantes no campamento da Fundación Juan Soñador.

BARALLA (Lugo)

12,30 h.- O director xeral de Maiores e Atención Socio sanitaria, Antón Acevedo, visitará os usuarios da residencia de San Vitorio da Fundación San Rosendo.

CONSELLERÍA DE ECONOMÍA E INDUSTRIA

NIGRÁN (Pontevedra)

10,00 h.- A conselleira de Economía e Industria, **María Jesús Lorenzana**, acompañada da directora xeral de Estratexia Industrial e Solo Empresarial, Margarita Ardao, visitará as instalacións da empresa Alén Space.

CONSELLERÍA DE VIVENDA E PLANIFICACIÓN DE INFRAESTRUTURAS

A CORUÑA

10,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, xunto á delegada territorial da Xunta na Coruña, Belén do Campo, asistirá ao sorteo para a adxudicación en alugueiro de vivendas en Xuxán e na rúa San Andrés.

12,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Vilasantar, Fernando Pérez.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

12,30 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión de traballo co alcalde de Corcubión, Francisco Xabier Domínguez.

SAN CAETANO

16,00 h.- A conselleira de Vivenda e Planificación de Infraestruturas, **María Martínez Allegue**, manterá unha reunión co presidente da Asociación Galega de Familias Numerosas (Agafan), Luis Sánchez.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,30 h.- A directora xeral de Urbanismo, Encarnación Rivas, asistirá á inauguración da exposición *Rafael Baltar. Testemuña dun tempo*.

CONSELLERÍA DE SANIDADE

FERROL

11,00 h.- O conselleiro de Sanidade, **Antonio Gómez Caamaño**, acompañado pola delegada territorial da Xunta en Ferrol, Martina Aneiros, visitará as instalacións da Asociación de pais e nais de nenos e nenas con problemas psicosociais (Aspaneps).

CONSELLERÍA DE CULTURA, LINGUA E XUVENTUDE

SAN CAETANO

12,00 h.- O conselleiro de Cultura, Lingua e Xuventude, **José López Campos**, recibirá a proposta de actualización do Plan xeral de normalización da lingua galega 2026 por parte do coordinador do documento, Manuel González.

CIDADE DA CULTURA

11,30 h.- A directora xeral de Xuventude, Lara Meneses, presentará a Rede Galega de Oficios Vivos.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,00 h.- O director xeral de Cultura, Anxo M. Lorenzo, participará na inauguración da exposición *Testemuña dun tempo. Arquitectura e compromiso nunha Galicia en transformación*, de Rafael Baltar.

LUGO

12,00 h.- A directora da Fundación Cidade da Cultura, Ana Isabel Vázquez, inaugurará a exposición itinerante *Botamos un Baile*.

CONSELLERÍA DE EMPREGO, COMERCIO E EMIGRACIÓN

VIGO

11,00 h.- O conselleiro de Emprego, Comercio e Emigración, **José González**, acompañado pola directora xeral de Traballo Autónomo e Economía Social, Marta Mariño, visitará a cooperativa Luteria Artística, dos lutiers Anxo Cabreira e Elena Sofia Zum Egen Alfonso.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

12,30 h.- A xerente do Instituto de Seguridade e Saúde Laboral de Galicia (Issga), Adela Quinzá-Torroja, participará no acto de sinatura do protocolo para a prevención e actuación ante situacións de violencia laboral externa no Servizo de Axuda no Fogar (SAF).

CONSELLERÍA DO MEDIO RURAL

SAN LÁZARO

10,00 h.- A conselleira do Medio Rural, **María José Gómez**, acompañada polo director xeral de Defensa do Monte, Manuel Francisco, recibirá a un grupo de técnicos da Agencia de Emergencias de Andalucía, no marco do programa CILUMES Interopera.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- A directora xeral de Planificación e Ordenación Forestal, Luisa Piñeiro, visitará a finca Neiro, beneficiaria de distintas liñas de axuda orientadas á creación ou consolidación e mellora de masas forestais.

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

INFORMACIÓN AOS MEDIOS

BÓVEDA (Lugo)

12,30 h.- O director da Axencia Galega da Calidade Alimentaria, Martín Alemparte, asistirá á degustación da IXP *Tenera Gallega* con produtos de calidade diferenciada na XXII Feira Outrora.

Posteriormente, ás **16,00 h.**, a directora xeral da Axencia Galega de Desenvolvemento Rural, Paz Rodríguez, visitará o evento.

CONSELLERÍA DO MAR

SOUTOMAIOR (Pontevedra)

10,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, participará na entrega de semente de ostra plana procedente do Centro de Investigacións Mariñas de Galicia á Confraría de Arcade.

SAN CAETANO

13,00 h.- A conselleira do Mar, **Marta Villaverde**, reunirase co director do Plan de Cultura Marítima de Galicia, Óscar Fuertes.

SANTIAGO DE COMPOSTELA

11,00 h.- O director xeral de Pesca, Acuicultura e Innovación Tecnolóxica, Isaac Rosón, e a directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, reuniranse coa Confraría de Pontedeume.

LUGO

11,30 h.- A presidenta de Portos de Galicia, Natalia Botana, reunirase co presidente da Federación Provincial de Confrarías de Lugo, Basilio Otero.

FENE (A Coruña)

19,30 h.- A directora xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, Ángeles V. Suárez, participará nas Xornadas de Degustación de Ostras do Ártabro.

Saúdos do Gabinete de Comunicación da Xunta de Galicia

COMUNICACIÓN DA XUNTA DE GALICIA

San Caetano, s/n – 15704 Santiago de Compostela
T. 981 541 238/42/51
comunicacion@xunta.gal
www.xunta.gal